



# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

2019-2020

COLEXIO


*Divino Salvador*



*50 Aniversario*  
(1967-2017)

# Actividades Extraescolares

## Curso 2019/2020



A partir do vindeiro mes de outubro comezan as actividades extraescolares do curso 2019/20. Conscientes que ditas actividades non só completan a formación dos nenos e potencian a formación en valores, senón que tamén axudan a compatibilizar a vida familiar e laboral das familias. Fomentan o traballo en equipo, a creatividade e o aproveitamento do tempo libre, aprendendo dunha forma máis lúdica e participativa.

Informarlles que hai a posibilidade de ofertar transporte si se acada un número suficiente de nenos. Do prezo e o itinerario se lles informará na secretaría do centro (se fará unha rebaixa aos usuarios do servizo de transporte).

**O desenvolvemento das actividades ofertadas se levará a cabo sempre e cando exista un número mínimo de alumnos. Durante o curso, por mor das baixas, pódese anular a actividade.**


O custo de cada unha das actividades calcúlase en función do número de participantes en cada unha delas e contribuirá á mellora das instalacións. Para manter o equilibrio e, por motivos de organización, **as baixas das actividades deberán de ser comunicadas antes do día 20 do mes anterior**, se non, se aboará o mes completo.

Para o asesoramento sobre as cuestións que poidan xurdir en relación á nosa oferta extraescolar, pódese contactar a través do seguinte enderezo electrónico: [marta@divinosalvador.com](mailto:marta@divinosalvador.com).



## Baile: moderno.

O baile ten un papel fundamental no desenvolvemento da expresión e creatividade dos nosos alumnos favorecendo o oído musical e desenvolvendo a linguaxe corporal.



**Quen?:** Educación Infantil e Primaria.

**Cando?:** Martes de 17:00h-18:00h.

**Onde:** Ximnasio.

**Importe:** 18€/mes.

**Código de Inscripción:** BAILE.

## Xadrez

O xadrez esixe unha gran concentración polo que o noso cerebro se ve sometido a unha actividade que axuda ao desenvolvemento mental dos nosos alumnos.

**Quen?:** 3º, 4º, 5º e 6º Educación Primaria.

**Cando?:** Martes de 14:10h-15:00h.

**Importe:** 18€/mes.

**Código de Inscripción:** XADREZ.

## Ximnaxia Acrobática

A ximnasia potencia o desenvolvemento motor do ximnasta que ademais o capacita para facer calquera deporte ou estar fisicamente en mellores condicións e aumenta a coordinación e forza.

**Quen?:** Educación Secundaria, Primaria e 5 anos.

**Cando?:** 5 anos, 1º e 2º Ed. Primaria: Mércores 13:45h-14:45h.

De 3º a 6º Ed. Primaria: Luns de 12:30h-13:30h.

**Importe:** 18€/mes.

**Código de Inscripción:** ACRO.

## Drama Clube

Cada trimestre os alumnos desenvolverán unha obra de teatro e aprenderán as técnicas necesarias para iniciarse na interpretación e no arte dramático.



**Quen?:** 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

**Cando?:** Xoves de 14:10h-15:00h.

**Onde:** Salón de actos.

**Importe:** 18€/mes.

**Código de Inscripción:** DRAMA.



# Pintura e Manualidades


Na actividade de pintura e manualidades se traballa a aproximación á linguaxe do debuxo e a pintura, a través dun primeiro contacto cas técnicas e os materiais, e a comprensión e desenvolvemento da actividade artística de cada idade, despertando a imaxinación a través dun traballo lúdico.

**Quen?:** Educación Infantil e Primaria.

**Cando?:** Luns e venres de 13:50h-14:50h.

**Importe:** 22€/mes (*material incluído*).

**Código de Inscripción:** PINT-MANU.



# Iniciación á Música

Dirixido a nenos de 6 anos en adiante. Empregando unha metodoloxía adaptada e sen necesidade de coñecementos musicais previos. Apréndese a tocar en grupo dende o primeiro día.

**Quen?:** De 1º a 4º Educación Primaria.

**Cando?:** Xoves de 13:50h a 14:50h.

**Importe:** 19€/mes.

**Código de Inscripción:** INI-MUSI.

# Baloncesto

O baloncesto fomenta como deporte de equipo os valores da amizade, o respecto, a disciplina e o compañeirismo, así como o desenvolvemento básico e xeral da condición física.

**Quen?:** Educación Infantil e Primaria.

**Cando?:** 1º e 2º Ed. Primaria: Mércores e Venres 13:45h-14:45h.

3º e 4º Ed. Primaria: Martes e Xoves 12:30h-13:30h

5º e 6º Ed. Primaria: Mércores e venres 12:30h-13:30h

**Importe:** 19€/mes. **Código de Inscripción:** BASKET.

# Multiactividade

Esta actividade comprende un amplo abano de obradoiros onde poderán coñecer e aprender diferentes disciplinas mediante talleres de psicomotricidade, expresión corporal e dramatización, xogos cooperativos, natureza, xogos lúdicos, horticultura, traballos manuais...

**Quen?:** Educación Infantil e Educación Primaria

**Cando?:** de Luns a venres 17:00h-18:00h.

**Importe:** Dous días 26€/mes

Tres días 39€/mes.

Catro días 52€/mes.

Cinco días 65€/mes.

**Código de Inscripción:** MULTI.



# Natación

Esta actividade se orienta á iniciación e perfeccionamento en natación. Esta actividade desenvolverase no mediodía na piscina da área deportiva municipal “máisqueauga”, no programa de natación escolar 2018-2019 que comprende os seguintes períodos:

- Do 01 de outubro 2018 ao 31 de xaneiro 2019. (Respectaranse os períodos de vacacións escolares).
- Do 1 de febreiro 2019 ao 31 de maio 2019. (Respectaranse os períodos de vacacións escolares).

## **LÍMITE 20 PRAZAS - POR ESTRICTA ORDE DE ENTREGA DE SOLICITUDE**


**Quen?:** Educación Infantil e Primaria (fóra do período lectivo).

**Cando?:** Martes (1 hora semanal).

**Onde:** Piscina “máisqueauga”.

**Importe:** 145€/cuadrimestre.

**Código de Inscripción:** NATAACION.



# Bright Minds®

Esta é a nova actividade de estimulación e desenvolvemento infantil que fomenta o gusto por aprender intuitivamente xogando tanto mental como fisicamente, estimulando simultaneamente múltiples intelixencias para desenvolver o potencial do neno. (Actividade parcialmente en inglés, conta con material Lego Education® e emprégase a psicomotricidade e a intelixencia emocional).

**Quen?:** Educación Infantil.

**Cando?:** Mércores de 13:30h-14:30h.

**Importe:** 19€/mes.

**Código de inscrición:** BRIGHT-MINDS.



# Kids Abacus

O programa KIDS ABACUS emprega o ábaco como instrumento de cálculo, combinando diferentes actividades e xogos realizados en clase, que permite potenciar o desenvolvemento do hemisferio dereito do cerebro, onde residen as capacidades de memoria visual, concentración, atención e creatividade.



**Quen?:** Educación Primaria.

**Cando?:** Venres de 13:50h-14:50h.

**Onde:** No propio centro.

**Importe:** 19€/mes +(10€/ anual de material no mes de outubro).

**Código de inscrición:** ABACO.





## Patinaxe

A patinaxe é un deporte moi completo e fundamental no desenvolvemento do equilibrio e da coordinación dos alumnos, axudando a conseguir unha auténtica harmonía dos distintos eixos do corpo. Ademais mellora as habilidades artísticas, favorecendo o oído musical e a expresión corporal.

**Quen?:** Educación Infantil e Primaria.

**Cando?:** Luns de 17:00h-18:30h.

**Onde:** Patio cuberto.

**Importe:** 18€/mes.

**Código de Inscripción:** PATINAXE.



## Taekwondo

Taekwondo é un deporte que mellora a coordinación, resistencia, forza, flexibilidade, autodisciplina e o traballo en equipo.

**Quen?:** Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

**Cando?:** Ed. Infantil, Primaria e Secundaria: Luns e Mércores de 17:00h-18:00h.

**Código de Inscripción:** TAEKWONDO.

**Importe:** 24€/mes.

## Jumping Clay

Crea, imaxina e divértete coa mellor arxila. Traballa e axuda a mellorar a observación e a concentración, estimula a imaxinación e a creatividade, aprende sobre a proporción, simetría, cantidades, planificación de tarefas, etc. Inclúe material e accesorios empregados.

**Quen?:** Educación Primaria.

**Cando?:** 3º, 4º, 5º e 6º Ed. Primaria: mércores de 14:00h-15:00h.

**Código de Inscripción:** JUMPING-A.

Ed. Infantil de 4 e 5 anos e 1º, 2º Ed. Primaria: Xoves de 14:00h-15:00h.

**Código de Inscripción:** JUMPING-B. **Importe:** 23€/mes.

## Circo



As actividades circenses estimulan a confianza, concentración, perseverancia, seriedade, disciplina, superación persoal etc. Durante o curso faremos malabarismos, equilibrios, acrobacias, interpretación, expresión corporal, juegos musicales e dinámicas de grupo, etc

**Quen?:** Educación Infantil e Primaria.

**Cando?:** Xoves de 14:00h-15:00h ou de 17:00 a-18:00

**Importe:** 21€/mes.

**Código de Inscripción:** CIRCO.



Nesta actividade foméntase da forma máis divertida a ciencia e a tecnoloxía. Tamén experimentan ca forza e o movemento, o equilibrio e a estabilidade mediante os recursos de LEGO® Education®, potenciando desta maneira a creatividade, innovación, iniciativa e a eficiencia.

**Quen?:** 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

**Cando?:** Mércores de 13:00h-14:00h.

**Importe:** 35€/mes.

**Código de Inscripción:** ROBOTIX.




## Active Kid English

A Empresa “Ensíname” oferta clases de inglés traballando o idioma mediante diversas actividades lúdicas como cancións, rimas, contos, manualidades e teatro. Se traballa a expresión oral, o vocabulario, a gramática, o oído, a lectura e a escritura sen seguir un libro. Tamén seguen o método de JOLLY PHONICS, unha fonética sintética onde se ensinan os 42 sons do inglés a través de cancións e movementos e o concepto de DRILLING ( a repetición guiada de vocabulario e estruturas gramaticais). A partires de primaria traballamos a preparación de exames dos niveis orais de TRINITY.

**Quen?:** Educación Infantil e Primaria.

**Cando?:** Martes e Xoves de 13:45h-14:45h. **Código de Inscripción:** ENGLISH-A.

**Importe:** 32€/ mes (material incluído).



## Funny Science®


A través dos nosos programas e metodoloxías revolucionarios, que abranguen todas as áreas da ciencia, aprendemos conceptos científicos dun xeito que os nenos comprenden e recordan.

**Quen?:** Educación Primaria.

**Cando?:** Mércores de 17:00h-18:00h.

**Importe:** 19€/mes.

**Código de Inscripción:** Funny Science.



## Curso Oxford



Curso de preparación de exames Oxford para acreditación A1, A2, B1 y B2.

**Quen?:** Educación Secundaria.

**Cando?:** Martes de 15:00h-16:00h ou de 16:00h-17:00h (dependendo do nivel)

**Importe:** 28€/mes.

**Código de Inscripción:** OXFORD.



# PROGRAMA SEMANAL

HORA	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 12:30h a 15:00h	ACRO (12:30h-13:30h)				
			ROBOTIX (13:00h-14:00h)		
			BRIGHT-MINDS (13:30h-14:30h)		
		ENGLISH-A (13:45h-14:45h)		ENGLISH-A (13:45h-14:45h)	
			ACRO (13:45h-14:45h)		
	PINT-MANU (13:50h-14:50h)				PINT-MANU (13:50h-14:50h)
				INI-MUSI (13:50h-14:50h)	
					ABACO (13:50h-14:50h)
			JUMPING-A (14:00h-15:00h)	JUMPING-B (14:00h-15:00h)	
				CIRCO (14:00h-15:00h)	
				DRAMA (14:10h-15:00h)	
		BASKET	BASKET	BASKET	BASKET
		XADREZ (14:10h-15:00h)			
		OXFORD (15:00h-16:00h) (16:00h-17:00h)			
De 17:00h a 18:30h		BAILE (17:00h-18:00h)			
	MULTIACTIVIDAD (17:00h-18:00h)	MULTIACTIVIDAD (17:00h-18:00h)	MULTIACTIVIDAD (17:00h-18:00h)	MULTIACTIVIDAD (17:00h-18:00h)	MULTIACTIVIDAD (17:00h-18:00h)
	TAEKWONDO (17:00h-18:00h)		TAEKWONDO (17:00h-18:00h)		
				CIRCO (17:00h-18:00h)	
			Funny Science (17:00h-18:00h)		
	PATINAXE (17:00h-18:30h)				

